



**CONCELLO DE XOVE - CONCELLERÍA DE XUVENTUDE  
OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL (OMIX)**

Camiño Real, S/N 27870 Xove (Lugo) - (982571816 - 982 59 20 01)  
[oix@xove.es](mailto:oix@xove.es)

**PROGRAMA DE OBRADOIROS E ACTIVIDADES  
DE TEMPO LIBRE 2024/2025**

**SOLICITUDE DE INCLUSIÓN COMO PARTICIPANTE**

**DATOS PERSOAIS**

NOME	
D.N.I.	
ENDEREZO	
DATA DE NAC.	
TELEFONO	

Titular do Carné Xove	Recoñecemento de minusvalía

**OBRADOIROS NOS QUE SE INSCRIBE**

1º		3º	
2º		4º	

**EMPADROAMENTO COMPROBADO**

Ante vostede acode e atentamente,  
EXPON:

Que coñece e acepta o Acordo regulador do prezo público pola realización de actividades formativas, de ocio e tempo libre publicadas no BOP nº140 do xoves 20 de xuño de 2019 , e que acompaña a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI (a 1ª vez que se inscribe).
- Fotocopia Certificado de minusvalía ou Carné Xove.
- Número de conta do banco.(CERTIFICACIÓN BANCARIA)

## AUTORIZACIÓN DE DATOS E IMAXES

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD), informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais e/ou os do menor (no seu caso) é o Concello de Xove con dirección en C/ Camiño Real, s/n, CP 27870, Xove. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión dos talleres, actividades e cursos de formación organizados polo Concello. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://xove.sedelectronica.gal/info.0>

**Uso de fotografías e/ou vídeos:** coa finalidade de promocionar as actividades desenvoltas polo Concello, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer vostede ou, no seu caso, o menor ao seu cargo, para á súa publicación tanto na páxina web oficial do Concello, con dominio [www.xove.es](http://www.xove.es) no perfil aberto na rede social Facebook polo Concello “Xove Xuventude” e/ou en publicacións que se poidan chegar a realizar en soporte papel e/ou en medios de comunicación sobre as actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello.

Por favor marque a opción que se axuste, en cada caso, aos permisos que queira darnos.

**Tratamento de datos de saúde:** en determinados casos, coa finalidade de poder desenvolver correctamente o taller, actividade e/ou curso, é preciso que tratemos datos relativos á súa saúde ( tipo de discapacidade, porcentaxe e certificado de discapacidade) ou, no seu caso, á saúde do menor ao seu cargo, polo que, en cumprimento da normativa vixente de protección de datos, necesitamos o seu consentimento explícito e expreso para poder recoller e tratar os seus datos de saúde para a finalidade indicada.

No caso de que, de ser estritamente necesario para o correcto desenvolvemento do taller, actividade e/ou curso, non nos autorice expresamente ao tratamento dos datos relativos á súa saúde ou, no seu caso, á saúde do menor ao seu cargo para a finalidade indicada, o Concello de Xove infórmalle que non poderá tramitar a inscrición na actividade solicitada. Por todo iso, solicitámoslle que non nos marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos no relativo ao tratamento dos seus datos de saúde.

Si, dou o meu consentimento expreso para que o Concello de Xove trate os datos relativos á miña saúde ou, no seu caso, á do menor ao meu cargo para o correcto desenvolvemento do taller, actividade e /ou curso nos que solicito participar.

Non dou o meu consentimento expreso para que o Concello de Xove trate datos relativos á miña saúde ou, no seu caso, á saúde do menor o meu cargo.

### FOTOGRAFÍAS/VÍDEOS

Si, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.

Non dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o menor ao meu cargo.

**O Concello de Xove** infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado tanto para o tratamento dos datos persoais relacionados coa súa saúde ou, no seu caso, coa saúde do menor ao seu cargo, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se outorgou o consentimento inicial ata que vostede no lo retire.

### POLO QUE SOLICITA:

Previos os tramites convenientes, a súa inclusión como asistente nos talleres antes indicados, tendo en conta a prioridade sinalada.

Xove, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

A PERSOA INTERESADA